

## ACTIVIDADES DE VERÁN 2018 - COLEXIO VIRXE MILAGROSA

Co fin de achegar o lecer aos nenos e nenas do noso entorno, presentamos unha serie de actividades a realizar no noso centro escolar. Serán unhas actividades lúdicas enfocadas a un sector que abrangue idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

Propomos estas actividades tendo en conta a importancia de ocupar un tempo antes da entrada do verán. Con iso axudamos a que os/as pais/nais non teñan que desprazarse a outros emprazamentos e poidan gozar de todas estas actividades sen máis preocupacións.



Os monitores de **GAIA ANIMACIÓN**

serán os encargados da realización dos diferentes obradoiros dirixidos os/as rapaces/as, como unha alternativa interesante para o tempo de lecer do que disfrutarán as/os escolares nestes días de vacacións; nos que poderán realizar diversos obradoiros artesanais así como gozar de variedade de xogos, tales como: Obradoiros de manualidades, xogos populares, xogos con paracaídas, xogos de distensión, xogos cooperativos, gimkanas deportivas, busca do tesouro, xogos de orientación, cociña, xogos de mesa xigantes e moito máis!

### OBXECTIVOS DAS ACTIVIDADES:

- Ofrecer unha posibilidade para o tempo de lecer.
- Potenciar a creatividade dós/dás participantes.
- Traballar a psicomotricidade, fina e grosa.
- Afianzar ou crear un ambiente de cooperación entre os/as participantes.
- Ofrecerlles as/os cativas/os unha forma de aprender un consumo responsable, lúdico e divertido.

As actividades terán usuarios/as con idades que oscilan entre os 3 e os 12 anos, distinguindo varios grupos de idades que interactuarán por separado: Por unha banda teremos actividades para nenos e nenas de 3 a 5 anos, e doutra banda, actividades para nenos e nenas de 6 a 8 e de 9 a 12 anos.

DE 3 A 12 ANOS - ABERTO A NENOS/AS DE OUTROS CENTROS

DATA: DO 25 AO 29 DE XUÑO EN HORARIO DE 9:00 A 14:00H.

PREZO: 45€ - RESERVA DE PRAZA ATA O 15 DE XUÑO  
986321771 / CPR.VIRGEN.MILAGROSA.BUEU@EDU.XUNTA.ES